

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Modificación das bases do proceso selectivo para elaborar unha lista para postos de técnico de turismo (A2)

ANUNCIO

MODIFICACIÓN DAS BASES PARA ELABORAR UNHA LISTA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E/OU LABORAL TEMPORAL PARA POSIBLES NOMEAMENTOS E/OU CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS PARA POSTOS DE TÉCNICO DE TURISMO DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (A2)

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 9 de novembro de 2018 aprobouse unha modificación das Bases para elaborar listas de persoal temporal para postos de Técnico de Turismo (A2) de administración especial que tiñan sido aprobadas con data do 3 de agosto de 2018 e publicadas no BOP do 10 de agosto de 2018.

A dita modificación refírese ao obxecto do proceso selectivo, no sentido que se indica a continuación:

Onde di:

“O obxecto deste proceso selectivo é a elaboración dunha lista de persoal temporal para postos de técnico de turismo, cando por razóns de necesidade e urxencia non poidan ser cubertos con funcionarios de carreira. Inicialmente, e a petición do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, procederase ao nomeamento de dous funcionarios interinos para participar na execución do Plan de Patrimonio da Deputación Provincial da Coruña co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento turístico local. Estes dous nomeamentos faranse ao abeiro do artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se a proba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, previsto para a execución de programas de carácter temporal e que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis.”

Debe dicir:

“O obxecto deste proceso selectivo é a elaboración dunha lista de persoal temporal para postos de técnico de turismo, cando por razóns de necesidade e urxencia non poidan ser cubertos con funcionarios de carreira.”

A Coruña, 12 de novembro de 2018

O Presidente

PDFR 21179/2015 do 01/10/2015

O Deputado

Antonio Leira Piñeiro

O Secretario,

José Luis Almu Supervía

2018/8466